

UNHA MULLER BAIXO A INFLUENCIA

540

John Cassavetes, 1974

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 11 e 19 de xuño | V.O.S.E. | +18

A Woman Under the Influence (1974, 155')

Dirección: John Cassavetes

Guión: John Cassavetes

Elenco: Gena Rowlands, Peter Falk, Katherine Cassavetes, Fred Draper, J. P. Finnegan, Matthew Labyorteaux, Angelo Grisanti

Son: Michael Denecke, Nick Spaulding, Bo Harwood

Montaxe: David Armstrong, Sheila Visel tear, Beth Bergeron

Dirección de arte: Phedon Papamichael

Vestuario: Carole K. Smith

Música: Bo Harwood

Fotografía: Mitch Breit

Produtora: Faces International (EEUU)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Un hombre en apuros, 1986

Corrientes de amor, 1984

Gloria, 1980

Opening Night, 1977

El asesinato de un corredor de apuestas chino, 1976

Así habla el amor, 1971

Maridos, 1970

Rostros (Faces), 1968

Ángeles sin paraíso, 1963

Too Late Blues, 1961

Sombras, 1959

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1974 (Nomeado a Mellor Actriz e Dirección), Globos de Ouro 1974 (Mellor Actriz e 4 nominacións), Donostia 1975 (Cuncha de Prata e Mellor Actriz)

SINOPSE

Mabel (Gene Rowlands) é unha muller moi querida polo seu marido, Nick (Peter Falk), e polos seus fillos. Co tempo comeza presentar certa inestabilidade que vai a máis. O seu home, que traballa moitas horas na construción, debe estar pendente da súa muller día e noite. El tenta manter a estabilidade na súa casa, até que un día o comportamento de Mabel pon en perigo os seus fillos e Nick vese obrigado a tomar medidas.

«Unha salvaxe aproximación ao personaxe dunha ama de casa á beira da loucura, enchoupada de rutina, abafada polas convencións sociais»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS

NOCTU RAMA



UNHA MULLER BAIXO A INFLUENCIA

John Cassavetes, 1974


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Emocións sen corte

Por John Cassavetes

Un guión é unha serie de palabras dispostas en liña. Cómpre que dean a luz unha historia misteriosa na que eu me relacione cos personaxes dun xeito diferente. Haberá personaxes que nos seduzan, aos que podemos chegar a querer, e outros serán presenzas. Cómpre traballar até que todos eles atopen o seu movemento interior. Cando empezo a escribir hai unha sensación de descuberta. Se o soubese todo sobre os homes e mulleres cos que traballo desde o inicio, non arrancaríaa o proxecto, pois sería aburrido. Creo que a escrita do guión debe preparar o camiño para atopar algo significativo e se iso non chega cómpre comezar de novo. En *Unha muller baixo a influencia* pareceume emocionante a idea dun traballador casado cunha muller á que non pode conter. Non sabía como traballar con ese material así que decidín comezar a escribir, sen regras. As únicas regras son dar o mellor de ti mesmo. E cando non chegas a dar o mellor é porque non estás a gusto contigo mesmo. É un sentimento moi persoal que cómpre saber detectar. Primeiro escribo o guión e logo os actores veñen onda min e dinme que partes do seu personaxe non lles gusta. Escóitoos. Retomo o deseño dos personaxes e as novas ideas se incorporan ao filme. Cómpre abrir a mente para engadir as percepcións dos actores que eu, pola miña limitada perspectiva, non

tiña detectado. Esta parte do proceso é moi importante para min. O matrimonio, como calquera outra relación, é unha cousa complexa e creo que adoita ser tratado de maneira moi lixeira no cinema. A vida familiar é moi diferente do que nos teñen vendido a través da televisión e a radio. Os filmes de hoxe amosan só un mundo de soños, perdeuse o contacto coa xente real. As familias idealizadas non me interesan porque non teñen ningunha relación co que vexo no meu día a día.

* * *

Busca de localizacións

Visitamos arredor de 150 casas de Los Angeles. Tiña moi claro que quería unha vivenda modesta que unha persoa de clase traballadora se podía permitir. Finalmente atopamos unha que encaixaba co personaxe de Nick e tiña o mobiliario e a carpintería usadas, tal e como queríamos. Decorámolo como correspondía: trofeos deportivos, fotos de nenos... Pensamos en pintala pero logo decidimos que non, pois Nick estaba ocupado de máis na súa familia. Os actores discutiron sobre as roupas que debían levar, a influencia do diñeiro nas súas vidas, as crianzas, etc. Todo se discutía, nada procedía só das miñas ideas.

A maioría das escenas do filme graváronse no comedor e o recibidor da vivenda, basicamente desde dous ángulos. Unha cousa boa da casa é que podíamos gravar as secuencias en continuidade.

Dirixín as secuencias cronoloxicamente, tal e como serían vividas polos personaxes. Empreguei tomas longas para que os actores puidesen desenvolver as súas emocións sen corte. O proceso de gravación foi duro, un inferno. A tensión emocional foi tan forte que non fixemos outra cousa durante trece semanas. Pola noite faciamos café e falabamos sobre o traballo do día. Ás veces espertabamos pola noite e seguíamos a falar. Había un compromiso total e absoluto co proxecto. Ás veces a tensión podía tocarse coas mans e as liortas eran frecuentes. Foi un traballo duro, disciplinado e esgotador.

Hai unha chea de cousas do filme que non entendín. Por exemplo Gena interpretou o seu personaxe como unha muller inocente. Esa non era a miña interpretación. Non estaba no guión. Eu deseñara un personaxe loitador, pero Gena ten moita consideración cara aos personaxes e as mulleres que hai detrás do guión. Nunca tenta vulgarizar ou caricaturizar, procura evitar os clichés simplificados de vítima, doente ou feminista.

Pola miña banda, confío moito na intuición, rexeito as visións preconcebidas sobre como ten que traballar un actor. De feito non creo nos *personaxes*. Unha vez que o actor se mete na pel só vexo a persoa. Creo que se debe a que eu mesmo son máis un actor ca un director. E valoro e respecto que a xente teña os seus propios segredos. E iso é máis interesante que o respecto pola trama.

Publicado en *Cassavetes por Cassavetes* (Anagrama, 2001)
Tradución: Xan Gómez Viñas

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

